



**BURGUEIRA**

**B** nome de Burgueyra é derivado de burgo, término antigo que quere dicir o mesmo que barrio, e orixinouse por ter sido esta parroquia noutro tempo barrio ou arrabal da famosa Praza de Armas ou Castelo de Turonio, tan célebre e nomeada na antigüidade que tivo a súa situación aquí, e dela daremos individual noticia adiante no capítulo 30. O Emperador Dn. Alonso 7º, atopándose na Cidade de Tui o 26 de Xuño do ano 1137, concedeu ao Mosteiro de Oia entre outras Igrexas a de Burgueyra. Despois, no de 1170, o Rei Dn. fernando 2º de León deu á de Tui con outras cousas a Burgueyra: e co nome de Brugueyra é nomeada noutra escritura da mesma Igrexa Tudense do ano 1239. Recoñece por Patrón tutelar a Sn. Pedro Apóstolo a quen teñen a súa festa o 29 de Xuño. Habitana 182 veciños, que corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza de Oia. Valen os seus décimos 16.800 reais, que leva insolidum o Párroco, que ten casa reitoral e igrexario de 5 ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda 125 reais. A fábrica da Igrexa cobra 215 reais. Paga á Mitra de Tui a sexta parte dun Xantar, 33 maravedís vellós, 4 diñeiros e 1 libra de cera. Este Beneficio é de presentación eclesiástica do Mosteiro de Oia vacando nos 4 meses ordinarios, e se vaca nos outros 8 meses provistaa o Rei. Ten ermida de Sn. Sebastián no monte, aínda que case arruinada. Dista da capital 3 leguas e cuarto." (Ávila y La Cueva, 528).





032

## Igrexa parroquial (30)

Coñecemos pola historia que antigamente tivo unha igrexa, con probabilidade románica, xa que no ano 1137 foi concedida como doazón aos frades do Mosteiro de Oia, con outras igrexas, polo Rei Alonso VII.

A actual está no barrio do seu nome, e rematouse de construír no ano 1808.

A súa planta é rectangular, e adosáronlle dúas pequenas capelas laterais, unha a cada lado, aproveitando o oco dos contrafortes, e no lado sur a sancristía.

A fachada está flanqueada por pilastras extremas con basa e capitel, de fuste liso, coroadas de pináculos pétreos rematados en bola.

Presenta, a modo de retablo, tres rúas separadas por perpiaños ben traballados e do mesmo tamaño, colocados a modo de columnas adosadas, que percorren toda a fachada e continúan ata o segundo corpo da torre.

A rúa central enmarca a porta que está alintelada.

Mesmo enriba da porta está como unha peaña pétreo que sustenta a fornela de arco de medio punto e con venera, que acolle a figura do patrón, tamén en pedra. E mesmo sobre ela, unha fiestra moldurada, de moi bela factura.

Unha pequena cornixa, á altura do capitel das pilastras laterais, separa o outro corpo ata a base da torre. Nel atopamos un brazo que suxeita un foco de luz, e unha cartela coas chaves de S. Pedro e a data de construción.

A ámbolos lados e un pouco máis baixos que a fornela de S. Pedro, sobre peañas circulares, as imaxes de S. Xoán Bautista e a Virxe do Rosario.

Dúas volutas rematan as rúas laterais ascendendo ata a base da torre.

A torre é de base cadrada e con dous corpos. Ámbolos dous péchanse con balaustrada de pedra en todo o perímetro e con pináculos piramidais nos ángulos da balaustrada. O primeiro corpo ten catro ocos para campás, con arco de medio punto, e adórnase nos esquinais con perpiaños da mesma factura que os que fan as rúas da fachada principal.

O segundo corpo remátase en cúpula de media laranxa e pináculo con cruz pétreo.

O tellado é a dúas augas e apoia nun beiril sobresaínte. Por ambos lados ten cinco contrafortes. Os tres primeiros son aproveitados para facer unha pequena capela lateral. No lado norte, entre o terceiro e o cuarto, dúas potentes ménsulas sosteñen un pequeno tellado que cobre a porta lateral.

Polo lado sur, apoiando no quinto, adosouse a sancristía.



033

A entrada, de derrame interno, dá paso a uns fortes muros de pedra que sustentan a tribuna, á que se accede por unha escaleira no interior do muro.

Correspondendo aos contrafortes, unhas pilastras con base e capitel apoian os arcos faixóns de medio punto que sustentan a bóveda de canón en pedra de moi boa feitura, abrindo tamén arqueira lateral de adorno en apoio do beiril do interior (33).

O presbiterio ten bóveda de cruzaría apoiada no arco triunfal e en dúas fortes columnas adosadas nos ángulos da cabeceira da igrexa.

Conserva seis retablos. O maior ocupa todo o paramento leste do presbiterio. No centro da predela, que só ocupa a parte central, está o sagrario con cupulín. E mesmo enriba del unha gran fornela que acolle unha pirámide escalonada en tres corpos decrecentes para o expositor central. Hoxe en día no segundo escalón está a imaxe do patrón S. Pedro, e no expositor un Neno Xesús. Remátase a fornela coa tiara papal e por riba a representación da Trindade no ollo de Deus. O remate é con frontis semicircular e decoración vexetal. As dúas rúas laterais sepáranse por grandes columnas de fuste estriado e capitel corintio que sosteñen os xarróns de remate. Cérranse con pilastras tamén estriadas, e dos seus capiteis nace o arco de cerre que se adapta perfectamente ao medio punto do paramento.





Nas rúas laterais, sobre peañas, as imaxes de S. Liborio e S. Brais.

Os outros retablos son máis sinxelos e parecen reformados segundo as necesidades. Nunha relación anterior dos mesmos aparecían outras denominacións distintas da actual. Había uns dedicados a San Domingo, ao Sto. Anxo e a Sto. Antonio. Hoxe en día as advocacións son á Virxe do Carme (35) e á Virxe do Rosario (37-38) os dous anteriores; ao Sto. Cristo, (34) ás Dores (36) e á Virxe da Saúde os outros tres. É curiosa a repetición da mesma imaxe (moderna e sen valor) da Virxe Milagrosa no retablo do Cristo. (34)

Conserva algunha imaxinería barroca moi boa. Probablemente da igrexa anterior, e nela apréciase a súa dependencia do Mosteiro de Oia. Destacamos as imaxes de Sta. Lucía, (40), S. Xoán (41), Sto. Antonio e S. Bieito.

É de gran devoción tamén a **Virxe da Saúde** (39).

A casa reitoral, no barrio de Eidos, foi residencia dos frades do Mosteiro de Oia. Ten dous torreóns defensivos e foso circundante. O último párroco que habitou nela foi D. Xoán Cabaleiro Martínez, no ano 1950. Fixéronse varias obras de restauración entre os anos 1973-74, para poder recuperala.



## Ermida da Virxe do Rosario

En Torroña, na serra da Groba.

Construída no ano 1992 e inaugurada o día 27 de setembro do mesmo ano.

## Capela de Sta. Columba

## Capela do Doce Nome

### FESTAS E ROMAXES DE BURGUEIRA

- S. Brais: sábado máis próximo ao 3 de febreiro.
- S. Pedro: último sábado de xuño.
- Nosa Sra. do Rosario: 2º domingo de outubro (Torroña).

